

Lingua 5º / Unidade 7 / **Describe un lugar**

Actividade 1

Enunciado: Fai un esquema do contido dunha páxina desta unidade

Solución

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

5.1. Emprega o esquema para comprender a estrutura dun texto como axuda ao estudo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 2

Enunciado: Subliña os indefinidos destas oracións e indica se son pronomes ou determinantes

- Este ano algúns paxaros fixeron varios niños baixo o balcón.
- Alguén telefonou moitas veces onte pola noite.
- Ninguén fixo todo o percorrido do circuito.

Solución

- Este ano **algúns** paxaros fixeron **varios** niños baixo o balcón.
- **Alguén** telefonou **moitas** veces onte pola noite.
- **Ninguén** fixo **todo** o percorrido do circuito.

Determinantes: algúns, varios, moitas, todo.

Pronome: alguén, ninguén.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Identifica e analiza posesivos, numerais e indefinidos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido de iniciativa e emprendemento.

Actividade 3

Enunciado: Rodea os posesivos e subliña os numerais do texto.

Canto tiña oito anos o noso can faltou cinco días. Había dous meses que os meus pais o trouxeran da casa duns coñecidos. O meu irmán e eu estabamos moi encariñados con el, así que cando desapareceu, non esperamos nin cinco minutos para comezar a buscalo. En primeiro lugar pola casa, en segundo, polo edificio, e, despois, polo barrio; mais non estaba por ningures. O quinto día da súa desaparición recibimos unha chamada, era unha muller. Atopara o can nun edificio abandonado da súa rúa.

Solución

Canto tiña **oito** anos o **nos**o can faltou **cinco** días. Había **dous** meses que os **me**us pais o trouxeran da casa duns coñecidos. O **me**u irmán e eu estabamos moi encariñados con el, así que cando desapareceu, non esperamos nin **cinco** minutos para comezar a buscalo. En **primeiro** lugar pola casa, en **segundo**, polo edificio, e, despois, polo barrio; mais non estaba por ningures. O **quinto** día da **sua** desaparición recibimos unha chamada, era unha muller. Atopara o can nun edificio abandonado da **sua** rúa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata cinco erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Diferencia entre determinante e pronome.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido de iniciativa e emprendemento.

Actividade 4

Enunciado: Explica a diferenza entre estas parellas de palabras.

Bóla/bola: _____

Dá/da: _____

Nó/no: _____

Solución

bóla (esfera); bola (peza de pan).

dá (verbo dar); da (de + a).

nó (lazo apertado); no (en + o).

dó (pena); do (de + o).

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Coñece e aplica a acentuación diacrítica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 5

Enunciado: Ponlle o acento gráfico as palabras que o precisen.

- As polas da miña avoa gústanlle moito as frangullas das bolas de pan.
- Necesitamos unha corda mais longa para facer mellor o no.
- Entrou con tanta presa que esqueceu fora as chaves.
- Cando o reloxo da praza da a hora os paxaros saen voando.

Solución

- **Á**s polas da miña avoa gústanlle moito as frangullas das bolas de pan.
- Necesitamos unha corda **má**is longa para facer mellor o **nó**.
- Entrou con tanta **pré**sa que esqueceu **fó**ra as chaves.
- Cando o reloxo da praza **dá** a hora os paxaros saen voando.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

9.1. Coñece e aplica a acentuación diacrítica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Competencia para aprender a aprender.

Actividade 6

Enunciado: Responde.

• Que é unha receita? _____

• Que partes debe ter unha receita? _____

Solución

Instrucións para elaborar unha comida ou preparado.
Ingredientes e preparación.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

13.1. Redacta receitas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Competencia dixital.

Actividade 7

Enunciado: Subliña os prefixos destas palabras e escríbeas onde corresponda.

intercalar superdotado endoscopia extraoficial
hipotenso entreplanta hipermercado ultrasón

• Intensidade:

• Situación:

Solución

intercalar **super**dotado **endos**copia **extra**oficial
hipotenso **entre**planta **hiper**mercado **ultra**són

Intensidade: hipotenso, superdotado, hipermercado, ultrasón.

Situación: iintercalar, entreplanta, endoscopia, extraoficial.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Identificar prefixos e clasificalos segundo sexan de situación ou intensidade.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

Actividade 8

Enunciado: 8. Escribe un exemplo de diálogo en estilo directo.

• En que outro estilo pode estar un diálogo? _____

Solución

Resposta libre. Estilo indirecto.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non realiza correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

11.1. Crear diálogos en estilo directo e indirecto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 9

Enunciado: **9.** Describe a paisaxe.



Solución

Resposta libre. Cómpre que o escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1. Fai a descrición de lugares.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Actividade 10

Enunciado: Completa.

A Xeración Nós recibe o nome da _____ que no ano _____ decidiu fundar un grupo de _____. Eles defendían a idea de Galicia como un pobo _____. A revista publicouse ata o _____ e foi decisiva para a consolidación da _____. Algúns dos autores deste grupo foron: _____.

Solución

A Xeración Nós recibe o nome da **revista** que no ano **1920** decidiu fundar un grupo de **intelectuais**. Eles defendían a idea de Galicia como un pobo **diferenciado**. A revista publicouse ata o **1936** e foi decisiva para a consolidación da **prosa galega**. Algúns dos autores deste grupo foron: **López Cuevillas, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Castelao**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe e identifica correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe e identifica correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

Estándar de aprendizaxe avaliable

12.1. Coñece datos da Xeración Nós.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Competencia para aprender a aprender.